



## TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

### Materia: Práctica da conservación activa dos bens arqueolóxicos III

**Departamento: Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos**

**Obrigatoria da especialidade**

**Curso: 4º arqueoloxía**

**Cuadrimestral**

**9 ECTS**

#### Práctica

**Profesora: Sonia Seco Lanzós**  
**sonia.seco@edu.xunta.es**

**Horario: 12 horas semanais**

#### DESCRICIÓN DA MATERIA

Aplicación dos sistemas e técnicas de intervención para a conservación e restauración dos bens arqueolóxicos. Execución dos tratamentos de conservación-restauración propios, mediante obra real ou, ocasionalmente maquetas. Elaboración de informes.

#### COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

#### COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X4	Determinar os exames ou análises precisos e avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio



X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA</b>	
EA1	Diagnosticar as alteracións dos bens arqueolóxicos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
EA2	Decidir e executar os tratamentos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas.
EA4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens arqueolóxicos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EA5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernerente ao arqueolóxico.
EA 8	Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada.
EA10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.
<b>COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA</b>	
Coñecer os tipos de metais arqueolóxicos, os procesos e axentes de alteración específicos.	
Acadar a capacidade para diagnosticar o estado dos metais arqueolóxicos	
Acadar a capacidade para deseñar e executar proxectos de conservación sobre metais arqueolóxicos	

<b>UNIDADES DIDÁCTICAS</b>		
<b>Unidade</b>	<b>Subtemas</b>	<b>% no total da materia</b>
1. Vidro	Diagnose: avaliación do estado de conservación	40%
	Tratamentos de conservación activa para vidro: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño de tratamentos: proposta</li> <li>- Realización dos tratamentos</li> </ul>	
2. Cerámica	Diagnose: avaliación do estado de conservación	40%
	Tratamentos de conservación activa para cerámica: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño de tratamentos: proposta</li> </ul>	



	– Realización dos tratamentos	
3. Informes: memorias de conservación-restauración	Elaboración de informes de conservación- restauración	20%

### PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introductorias	1		1
Prácticas	170		170
Resolución de problemas ou exercicios	20	4	24
Presentacións/exposicións	8	2	10
Traballos tutelados	17	3	20
<b>Total</b>	<b>216</b>	<b>9</b>	<b>225</b>

### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia. Supervisadas polo profesor, e de forma individual ou en grupo.
Resolución de problemas ou exercicios.	O alumnado traballará sobre diversas obras realizando a súa diagnose e propostas de tratamentos.
Presentacións/exposicións	O estudante presentará os traballos realizados, explicando os problemas atopados, as solucións aportadas e os resultados obtidos.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo elaborará os informes das pezas tratadas

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN



Método	Criterios	% avaliación
Resolución de problemas e/ou exercicios	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Puntualidade na entrega. Imprescindible para aprobar o exercicio e poder presentalo na aula.</li> <li>- (15%) Calidade no contido: rigor técnico; grao de aplicación de conceptos teóricos e corrección no desenvolvemento do exercicio</li> <li>- (12,5%) Forma: formato, claridade e eficacia na expresión, ortografía, epígrafes</li> <li>- (10%) Presentación na aula</li> </ul>	37'5%
Informes, memorias de prácticas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Puntualidade na entrega. Imprescindible para aprobar a tarefa e para poder presentala na aula.</li> <li>- (15%) Calidade: rigor á hora de documentar a intervención; concordancia entre o informe e o traballo realizado taller</li> <li>- (12,5%) Forma: formato, claridade e eficacia na expresión, ortografía, epígrafes</li> <li>- (10%) Presentación na aula</li> </ul>	37'5%
Observación sistemática	<ul style="list-style-type: none"> <li>- (5 %) Capacidade de aplicar coñecementos teóricos, tomar decisións, resolver problemas</li> <li>- (5%) Responsabilidade: traballo práctico e entregas; no taller (tarefas comúns, coidado do taller, etc.) e en relación ós compañeiros</li> <li>- (5%) Organización: capacidade para rematar traballos en tempo (prácticas e entregas); capacidade para manter orde nos espazos de traballo (individual e taller)</li> <li>- (5%) Calidade: interese por traballos ben feitos (traballo práctico taller e entregas); delicadeza á hora de traballo práctico; esforzo por mellorar</li> <li>- (5%) Interese demostrado: asistencia; participación en postas común; colaboración</li> </ul>	25%



**Total**

**100 %**

### OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

- Dado o carácter práctico da materia, a asistencia a clase é necesariamente obrigatoria. A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación.

#### **Convocatoria ordinaria:**

• Avaliarase de forma continuada o progreso no proceso de aprendizaxe (este comprende a realización de todas as prácticas, exercicios e entregas dentro de calendario e prazos estipulados). A avaliación farase seguindo as porcentaxes aquí establecidas e mediante rúbrica dispoñible na aula virtual. Para aprobar en avaliación continuada o alumno debe:

- Non superar un 25 % de faltas sen xustificar
- Entregar todos os exercicios e informes realizados ó longo do curso nos tempos e forma requiridos
- Ter aprobada a parte correspondente ás entregas de “diagnose e propostas de tratamentos” para poder sumar co resto de notas.
- Acadar unha nota global da materia mínima de 5. A nota global da materia resulta da suma das notas dos apartados “exercicios de diagnose e propostas”, “informes” e “observación sistemática”.

• Exame de convocatoria ordinaria: para aqueles alumnos que non teñan superada a materia en avaliación continua (pode tratarse dunha proba de recuperación parcial ou total da materia) e para aqueles que perderon o dereito a seren avaliados de forma continua (proba de recuperación total da materia). No caso de tratarse dunha recuperación total, comprenderá unha proba escrita dunha diagnose e/ou proposta de tratamento de unha ou varias pezas para avaliar o seu grao de competencia e, só unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.

#### **Convocatoria extraordinaria:**

De cara á avaliación extraordinaria e como mínimo, o alumno terá que realizar unha proba escrita sobre diagnose e/ou proposta de tratamento de unha ou varias pezas para avaliar o seu grao de competencia e, só unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.

### **ATENCIÓN PERSONALIZADA**

Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías poderán ofrecerse no despacho do profesor, no horario establecido ó efecto, ou mediante correo electrónico.

### **BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA**



## CERÁMICA

- Buys, S.; Oakley, V. (1993)\*. The conservation and restoration of ceramics. Butterworth-Heinemann, London
- Cooper, E. (1993)\*. "Historia de la cerámica". Ediciones Ceac, Barcelona 1993.
- Denio, A. A. (1980). Chemistry for Potters. Journal of Chemical Education 57(4):272-275.
- Fabbri, B., Ravanelli, C. (1993)\*. Il restauro della cerámica. Nardini Editore, Firenze.
- Hodges, H. W. M. (1975). Problems and Ethics of the Restoration of Pottery. In Conservation in Archaeology and the Applied Arts, pp. 37-54. IIC, London.
- Mibach, E. T. G. (1975). The Restoration of Coarse Archaeological Ceramics. In Conservation in Archaeology and the Applied Arts, pp. 55-65. IIC, London.
- Olive, J. e C. Pearson. (1975). The Conservation of Ceramics from Archaeological Sources. In Conservation in Archaeology and the Applied Arts, pp. 63-68. IIC, London.
- Paterakis, A.B. (1987). Deterioration of ceramics by soluble salts and methods for monitoring their removal. Recent Advances in the Conservation and Analysis of Artifacts. University of London. pp. 67-72.
- Paterakis, A.B. (1996). Conservation: Preservation versus analysis. Archaeological Conservation and its consequences. IIC, London. 143-148.
- Pearson, C. (1987)\*. Conservation of Ceramics, Glass and Stone. In Conservation of Marine Archaeological Objects, edited by C. Pearson, pp. 253-267. Butterworths, London.
- Tennent, N.H. (ed) (1999)\*. The conservation of glass and ceramics. James & James, London.

## VIDRO

- Brill, R. H. (1962). A Note of the Scientist's Definition of Glass. Journal of Glass Studies 4:127-138.
- Frank, S. (1982): Glass and archaeology. Academic Press Publications, London.
- Gerassimova, N. G. (1975). Cleaning and Conservation of Ancient Glass in the State Hermitage Museum. Paper delivered to the annual IIC Congress, Stockholm, Sweden.
- Newman, H. (1977). An illustrated dictionary of glass. Thames & Hudson Publications, London.



- Moncrieff, A. (1975). Problems and Potentialities in the Conservation of Vitreous Materials. In Conservation in Archaeology and the Applied Arts. IIC, London.
- Newton, R. e Davison, S. (1989)\*. Conservation of glass. Butterworth-Heinemann, London.
- Daintith, C. (ed) (1992)\*: Glass and enamel conservation. The United Kingdom Institute for Conservation. Ocasional papers nº 11.
- Pearson, C. (1987)\*. Deterioration of Ceramics, Glass, and Stone. In Conservation of Marine Archaeological Objects, edited by C. Pearson, pp. 99-104. Butterworths, London.
- Rawson, H. (1980): Properties and applications of glass. Elsevier Scientific Publications, New York
- Tennent, N.H. (ed) (1999)\*. The conservation of glass and ceramics. James & James, London.
- Zerwick, C.: (1980). A short history of glass. Corning-New York: The Corning Museum of Glass.